

Este proxecto técnico foi aprobado na Comisión Permanente do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2014

38-302 Sociedades laborais

PROXECTO TÉCNICO

O obxectivo desta actividade é o de coñecer a estrutura e localización das sociedades laborais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos identificativos.

1. Organización e normativa

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación da condición de sociedades laborais a efectos administrativos. Dito trámite ten carácter previo á súa inscrición no correspondente rexistro mercantil, sendo as inscricións máis frecuentes as de constitución, a declaración de que a modificación estatutaria non afecta á súa cualificación como laboral e a anulación e baixa no rexistro.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, con competencia sobre as sociedades laborais que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma. O Rexistro de sociedades laborais está regulado pola lei 4/1997 do 24 marzo, de sociedades laborais (BOE nº 72 do 25 de marzo de 1997) e polo Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre rexistro administrativo de sociedades laborais (BOE nº 246 do 14 de outubro de 1998).

Normativa de aplicación

- Real Decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre o traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais (BOE do 8 de decembro de 1989, DOG do 10 de xaneiro de 1990)
- Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais (BOE do 25 de marzo de 1997)
- Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre rexistro administrativo de sociedades laborais (BOE do 14 de outubro de 1998)
- Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE do 31 de decembro de 1998)

- Decreto 42/2013, do 21 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Traballo e Benestar (DOG, n.º 46 de 06/03/2013).

O organismo responsable da actividade estatística de sociedades laborais no seu conxunto é a Consellería de Traballo e Benestar. A preparación, recollida da información, tratamento e elaboración de resultados depende do Servizo de Cooperativas e Economía Social da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Á Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social correspóndelle a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e outras empresas de economía social, así como as relacións coas súas entidades representativas, sen prexuízo das competencias doutras Consellerías en materia de economía social.

Concrétase a competencia nun rexistro administrativo competente sobre as sociedades laborais con domicilio na Comunidade Autónoma encadrado na consellería competente en materia de Traballo dentro da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social segundo o cadro seguinte:



O rexistro administrativo de Sociedades Laborais asumirá as funcións seguintes:

- Cualificar, inscribir e certificar actos ou negocios xurídicos das sociedades laborais que deban acceder ao rexistro.
- Remisión de datos ao Ministerio de Empleo y Seguridad Social.
- Ordenación, tratamento e publicación da información rexistral acumulada.
- Resolver consultas sobre a materia da súa competencia en aplicación da normativa sobre sociedades laborais.

Ademais das funcións rexistradas indicadas estanse a realizar as seguintes funcións:

- Informar e asesorar en materia de economía social, así como o impulso das relacións entre as empresas de economía social.
- Planificar, xestionar e controlar as axudas ás sociedades laborais.
- Executar os programas de promoción e divulgación das formas de economía social.
- Elaborar estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre empresas de economía social.

2.- Unidades estatísticas

A unidade elemental desta estatística son as sociedades laborais inscritas no rexistro administrativo de Sociedades Laborais da consellería competente en materia de traballo.

As sociedades laborais poden ser sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social sexa propiedade dos traballadores que presten nelas servizos retribuídos en forma persoal e directa, cuxa relación laboral sexa por tempo indefinido.

Toda a información recollida ten como fonte os datos facilitados polo Rexistro de sociedades laborais da Consellería de Traballo e Benestar. En base a esta información elabórase unha estatística na Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social. O ámbito poboacional alcanza a todas as sociedades laborais

3.-Variables a investigar

Data de constitución ou cualificación.

Data de baixa

Socios

Socios traballadores

Son aqueles traballadores que prestan na sociedade laboral os seus servizos retribuídos en forma persoal e directa, con relación laboral por tempo indefinido, e ao mesmo tempo participan no capital da sociedade mediante a propiedade de accións ou participacións.

O conxunto das accións ou participacións que sexan propiedade destes socios traballadores deben representar a maioría do capital social e ningún socio pode posuír máis da terceira parte del.

Aplicando estas premisas, o número mínimo de socios con que pode constituírse unha sociedade laboral será de tres, sempre e cando contén con igual participación no capital; dos que dous serían necesariamente socios de traballo e o terceiro podería selo tamén de traballo ou de clase xeral.

Socios de clase xeral

Son aqueles que, sen ser socios traballadores, son propietarios de accións ou participacións da sociedade laboral. Poderán selo tanto as persoas físicas como as xurídicas, públicas ou privadas. O conxunto da participación destes socios no capital social debe ser sempre inferior ao 50%.

Ningún deles pode posuír máis da terceira parte do capital, agás que se trate da participación do Estado, das Comunidades autónomas, das entidades locais, das sociedades públicas participadas por estes, das asociacións ou das entidades sen ánimo de lucro; nestes casos pódese superar ese límite sen acadar o 50% do capital social.

Actividade económica

É a actividade económica á que se dedicará a sociedade laboral segundo a Clasificación Nacional de Actividades CNAE-2009.

Domicilio social da actividade

O domicilio social da sociedade proporciona o ámbito xeográfico da estatística.

4.- Procesamento de datos

As sociedades laborais poden constituírse como tales, ou ben cualificarse sociedades preexistentes para seren laborais.

Trámites para a constitución dunha Sociedade Laboral

1. Certificación negativa de denominación. Débese solicitar certificación de que non figura rexistrada a denominación coa que se pretende constituír a sociedade, que será expedida polo Registro Mercantil Central
2. Outorgamento escritura de constitución. Débese outorgar escritura pública de constitución da sociedade, na que deben constar os estatutos sociais, certificado de denominación e demais requisitos establecidos pola normativa mercantil que resulte aplicable. Coa solicitude debe achegarse unha copia autorizada e outra simple da escritura de constitución e o xustificante de pago de taxas por servizos administrativos.
3. Unha vez outorgada a escritura de constitución debe solicitarse a cualificación e inscrición como sociedade laboral, así como a emisión do correspondente certificado, no rexistro administrativo de sociedades laborais dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, achegando:
 - i. Copia autorizada e copia simple da **escritura pública de constitución**.
 - ii. Xustificante de pago da **Taxa por servizos administrativos**.

4. Unha vez cualificada como laboral a sociedade, deberá solicitarse a súa inscrición no Rexistro Mercantil da provincia correspondente ó seu domicilio social. Para este trámite resultará necesaria a certificación de que a sociedade foi inscrita no Rexistro administrativo de sociedades laborais. A sociedade adquirirá personalidade xurídica unha vez inscrita no Rexistro Mercantil.

Cualificación de sociedades preexistentes

No suposto de sociedades preexistentes, tamén poderá solicitarse a cualificación como sociedade laboral e a inscrición no rexistro administrativo correspondente, achegando os seguintes documentos:

- Copia autorizada e simple da escritura de constitución.
- Copias autorizadas e simples das escrituras de modificacións de estatutos, de selo caso.
- Certificación literal do Rexistro Mercantil dos asentos vixentes da sociedade.
- Certificacións do acordo da xunta xeral, favorable á cualificación de sociedade laboral, e da titularidade do capital social resultante do libro rexistro de accións nominativas ou de socios correspondente.
- Copia autorizada e simple da escritura, pola que se eleve a público o acordo da xunta xeral e as modificacións dos estatutos que fosen precisas para adaptarse á Lei de sociedades laborais.
- Documentos acreditativos das cotizacións á seguridade social dos socios traballadores e asalariados.
- Xustificante de pago da **Taxa por servizos administrativos**

Unha vez cualificada é inscrita a sociedade como laboral, deberá solicitarse a inscrición da escritura de adaptación de estatutos ante o Rexistro Mercantil competente, acompañada da preceptiva certificación da cualificación como laboral

Baixa ou descualificación dunha sociedade laboral:

Solicitar a descualificación ou baixa da sociedade como laboral no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais, achegando:

- Copia autorizada e copia simple da escritura pública de transformación ou disolución da sociedade.
- Xustificante de pago da Taxa por servizos administrativos.

Estrutura informática

O Rexistro administrativo de sociedades laborais computa as inscricións, actualizacións e baixas de sociedades laborais mediante unha aplicación creada ó efecto (nunha base de datos en MS Access) na que se anotan e modifican os datos relativos a sociedade como: datos

xerais (nº de rexistro, denominación, enderezo completo, CIF, CNAE(2009) e clave de actividade económica, tipo de sociedade, data de inscrición no Rexistro administrativo, da de inscrición no Rexistro Mercantil (e data de anulación da inscrición no Rexistro administrativo), representación legal (nome, enderezo, telefono), capital social (capital clase laboral, capital clase xeral), socios (nome e apelidos, CIF, sexo, clase laboral ou xeral, participacións e importe capital social).

A actualización do rexistro é continua, a medida que se producen as diferentes inscricións. Tamén, o Rexistro Mercantil comunica ao rexistro de sociedades laborais a data da inscrición nese rexistro das sociedades laborais.

A información recollida na estatística ten como fonte os datos do rexistro administrativo único de sociedades laborais, dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social. Estes datos son procesados anualmente para sacar os resultados estatísticos.

5.- Deseño e explotación dos datos do rexistro

A preparación, recollida da información, tratamento da información e elaboración de resultados é levada a cabo polo Servizo de Cooperativas e Economía social da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión, pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a través da Páxina Web da Consellería de Traballo e Benestar e a través de memoria anual desta consellería.

En relación a esta estatística a información que se obtén refírese ao número de sociedades laborais constituídas no período de referencia dos datos e ao número de socios que as compoñen.

Variables de estudo

Sociedades laborais inscritas ou constituídas (inclúense as novas constituídas e as cualificadas preexistentes), descualificadas ou dadas de baixa e número de socios.

Variables de clasificación

As sociedades laborais clasificaranse por actividade CNAE(2009) e provincia. O número de socios clasificaráse: socios de clase laboral (socios traballadores) e de clase xeral, por personalidade: persoas físicas e persoas xurídicas e por sexo.

Co filtro destes datos xeramos listados que nos dan información das seguintes variables de clasificación, recollidos nos seguintes cadros, sempre referidos ao período dun ano:

CADRO I: Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social (sociedades laborais constituídas, e sociedades laborais que causaron baixa)

CADRO II: Distribución provincial do número de socios desagregados por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas (socios traballadores ou socios de clase xeral).

CADRO III: Sociedades laborais constituídas e socios desagregadas por actividade económica (seccións da CNAE 2009) provincias e totais de comunidade autónoma.

CADRO IV: Gráficos de evolución, das sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa ou descualificadas, nun período de 5 anos.

Anexos

Anexo I: Táboas e gráficos co resultado da explotación estatística



Anexo II: Formulario **da base de datos** da que extraemos a explotación

Anexo I

Táboas e gráficos co resultado da explotación estatística



Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Ano 2013

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Sociedades laborais constituídas	18	2	3	22	45
Sociedades laborais que causaron baixa	18	23	14	24	79



Distribución provincial do número de socios agregado por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas no ano 2013

Provincia	Totais socios		Totais socios por sexo		Socios por tipo de participación			
	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Homes	Mulleres	Homes soc. traballo	Mulleres soc. traballo	Homes soc. capital	Mulleres soc. capital
A Coruña	64	1	40	24	34	19	6	5
Lugo	7	0	3	4	3	1	0	3
Ourense	16	0	13	3	12	2	1	1
Pontevedra	135	0	97	38	90	31	7	7
Totais	222	1	153	69	139	53	14	16
	223							




**Sociedades laborais rexistradas, agregadas por actividades económicas,
provincias e totais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2013**

Cód.	Actividade (CNAE 2009)	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios
O	Non definido										
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	3					1	4	2	7
B	Industrias extractivas										
C	Industria manufacteireira	4	18			1	10	7	43	12	71
D	Fornecem. de enerxía eléct., gas, vapor e aire acondicion.										
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación										
F	Construción	2	6					1	4	3	10
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	4	12	1	4	1	3	4	13	10	32
H	Transporte e almacenamento	1	4							1	4
I	Hostalería	3	12	1	3	1	3	2	8	7	26
J	Información e comunicacións	1	3					1	3	2	6
K	Actividades financeiras e de seguros										
L	Actividades inmobiliarias	1	4							1	4
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas							2	48	2	48
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares										
O	Admt. Pública e Defensa e Seguridade Social obrigatoria										
P	Educación							3	9	3	9
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais										
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento										
S	Outros servizos	1	3					1	3	2	6
T	Activ. dos fogares como empregad. de persoal doméstico; activ. dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio										
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
TOTAL		18	65	2	7	3	16	22	135	45	223


Sociedades laborais constituídas. Evolución 2009-2013

	2009	2010	2011	2012	2013
A Coruña	11	21	20	26	18
Lugo	3	4	2	7	2
Ourense	3	4	10	15	3
Pontevedra	15	18	16	13	22
TOTAL	32	47	48	61	45



Sociedades laborais que causaron baixa. Evolución 2009-2012-3

	2009	2010	2011	2012	2013
A Coruña	19	18	26	20	18
Lugo	11	16	15	14	23
Ourense	7	8	11	14	14
Pontevedra	43	20	25	23	24
TOTAL	80	62	77	71	79



Anexo II

Formulario da base de datos da que extraemos a explotación



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE TRABALLO
 E BENESTAR

REGISTRO DE SOCIEDADES LABORAIS

Usuario: Elena Juanatey Nieto Centro: Servizos Centrais

[Inicio](#) [Sociedades](#) [Informes](#) [Informe xenérico](#)

#SOCIEDADES>PROCURA INSCRICIÓN>XESTIÓN REGISTRO

Denominación social
 CIF/NIF Número de rexistro Estado

DATOS SOCIEDADE SOCIOS ADMINISTRADORES REQUISITOS DOC. APORTADA TRÁMITES ADM. DOCUMENTOS

Datos da sociedade

*CIF/NIF
 *Denominación social
 Email
 Web
 *CNAE
 Natureza xurídica Sociedade transformada

Domicilio social

*Rua/Lugar
 *Provincia *Concello *Código Postal
 *Teléfono Fax

Datos do representante legal

*Tipo doc
 *Cargo
 *Nome *Apellido 1 Apellido 2
 *Enderezo
 *Provincia *Concello *Código Postal
 *Teléfono Fax
 Email

Observacións

Datos solicitude

Data solicitude

Inscrición rexistro

Data inscrición Rexistro Administrativo
 Rexistro Mercantil de Data inscrición Rexistro Mercantil

Reconto capital Social

Capital Social Laboral
 Capital Social clase xeral persoas físicas Capital Social clase xeral persoas xurídicas
 Capital Social clase xeral entes públicos

Reconto Socios

Socios clase laboral home
 Socios clase xeral persoas físicas homes Socios clase laboral muller
 Socios clase xeral persoas xurídicas Socios clase xeral persoas físicas mulleres
 Socios clase xeral entes públicos